

Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, diante da situación totalmente excepcional que estamos a vivir coa situación de afectación do COVID-19, e o estado de alarma decretado polo Goberno do Estado, co ánimo de colaborar a achegar ideas de mellora na atención á veciñanza e a finalización da afectación da pandemia e medidas excepcionais; queremos **EXPOÑER** as seguintes propostas para que se avalíen polos departamentos municipais correspondentes:

CORRECCIÓN DO DESVÍO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA.

Todos somos conscientes de que estamos nun momento difícil para dar respostas a todas as cuestións que van xurdindo. Tamén as cuestións de tipo organizativo e administrativo, no noso Concello. Mais hai que dar resposta aos problemas e está a facerse así en moitas organizacións.

É sabido que nas instalacións do Concello non hai atención presencial pero a atención telefónica tampouco está funcionando. Non se consegue contactar. Isto incrementa a sensación de indefensión por parte da administración de cara aos solicitantes que están en situacións de apuro.

Nós mesmos puidemos probalo ao intentar contactar. No teléfono da centraliña responde un contestador que no canto de dar opcións de desvío ás distintas áreas como facía antes, agora só pide que agardes, despois saen os tonos de chamada e non se sabe a que servizo se está desviando nin canto se vai tardar en contestar. A día de hoxe hai técnica suficiente para que a xente que está teletraballando, poida atender os teléfonos das súas oficinas nos seus domicilios. Así está sendo en múltiples centros, tanto da

administración coma empresas privadas. Cando o Sr. Alcalde me chamou o pasado luns, din por suposto que así sería.

Polo anterior, **RECLAMAMOS:**

1. Que se adopten inmediatamente as medidas organizativas e telemáticas precisas para que quen chame ao Concello teña a atención dunha persoa.
2. Que a xente que chame reclamando información e atención, especialmente a servizos sociais, teña atención á súa situación. Que se inicien os trámites sen máis dilación para atender a cobertura precisa.
3. É previsible que a demanda de cobertura social vaia a máis nos próximos días. É imprescindible que se tomen as medidas presupostarias oportunas para que ninguén quede sen a cobertura para garantir a atención ás necesidades básicas.

ESPECIAL ATENCIÓN AOS SERVIZOS SOCIAIS

En próximas datas, é de agardar que a casuística habitual dos servizos sociais se agudice. Algunhas das situacións que desgraciadamente xa se coñecen, veránse incrementadas polas situacións das excepcionais situacións sociais creadas polas condicións do estado de alarma. É por iso que queremos reclamar especial atención e a dotación orzamentaria e de persoal que se precise, para garantir a atención aos servizos sociais. En particular:

1. Seguimento de violencia de xénero.
2. Atención á pobreza infantil. Seguimento daquelas familias que tiñan garantidas as comidas das súas crianzas mediante as axudas de comedores escolares e agora carecen dese soporte.
3. Desenvolvemento do plan de prevención de suicidios.
4. Novas demandas de servizos sociais. Alimentos etc...

HABILITACIÓN DE ALOXAMENTOS AO PERSOAL DE ATENCIÓN HOSPITALARIA QUE O PRECISE

Hai persoal traballador de todas as categorías en hospitais e outros centros sanitarios, que sae do seu traballo coa incertidume de estar levando consigo o contaxio do virus. Xente que preferiría non volver á súa casa para non correr o risco de contaxiar aos seus e de ter a posibilidade, escollería aloxarse antes da seguinte xornada nun piso ou aloxamento ao marxe do seu fogar.

Trataríase de coordinar desde o Concello, o lanzamento da proposta para que quen o requira, teña a onde acudir para pedilo, e paralelamente, que quen queira ofrecer un piso, poida poñelo a disposición nunha institución que avale a seriedade necesaria.

O Concello debería correr co servizo de limpeza e desinfección do inmovible e por suposto o mesmo servizo para unha vez finalizada a alarma, o propietario recibira o piso con todas as garantías.

DESINFECCIÓN E BALDEO DE RÚAS

Mentres me dispoñía a escribir estas liñas, recibín a mensaxe do alcalde de que se está a proceder a limpeza e desinfección e baldeos das zonas máis concorridas, centros de saúde, supermercados etc...

Acollémolo con agrado, pero non pode descartarse que a evolución ao largo da próxima semana ou semanas nos obrigue a xeneralizar eses baldeos, para o que pode ser necesaria a asistencia de cisternas que reguen cos produtos precisos.

Sería bo ir adiantándose a necesidades deste tipo e ás carencias de material propio. O noso municipio, ao ter territorio rural e urbano, ha de contar con un parque de cisternas e tratores abondo ao que recorrer para proceder a este servizo. Sería ben ir contactando xa, a efectos de que os propietarios deses medios confirmaran a dispoñibilidade e tiveran tempo de facer as tarefas precisas de acondicionamento

para poñer eses medios para ese tipo de servizo.

INCORPORACIÓN DE PERSOAL Á POLICÍA LOCAL

De seguro que nestes días sería máis desexable que nunca que a plantilla da policía local fora máis numerosa.

A Xunta de Galiza acaba de poñer en marcha unha disposición: "RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR E DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA NO ÁMBITO DA COORDINACIÓN DE MEDIDAS PARA DISPOR DA LISTAXE DE COLABORACIÓN PARA A CONTRATACIÓN, POR PARTE DOS CONCELLOS, DE AUXILIARES D POLICÍA LOCAL", para facilitar a contratación de xente que aprobou as probas de acceso pero non obtivo praza, naquelas localidades adscritas ao convenio con Xunta para esta finalidade.

Recentemente no concello de Culleredo aprobouse o acollemento a este convenio.

Sería interesante avaliar se mediante esta resolución, é posible ampliar, ou cubrir prazas de persoal que puidera estar de baixa etc... para poder dispoñer do maior número de efectivos posibles durante o período de alarma.

POSTA EN MARCHA DE VOLUNTARIADO TELEFÓNICO

No noso municipio hai numerosas persoas que viven soas. Algunhas por vontade propia e outras polas situacións da vida, por carecer de familia, por ser maiores con familiares alonxados etc... Estas persoas de seguro, han de sentir a soedade de forma máis agudizada estes días en que os medios de comunicación enchen todo o tempo dunhas mensaxes desesperanzadoras.

Por outra banda, o Concello debe ter un rexistro de voluntariado, e haberá xente con tempo libre para facer chamadas telefónicas e dar un pouco de charla e solaz á xente que estea nas condicións de soedade.

Propoñemos que o concello habilite os medios de garantía xurídica para que a xente soa, poida recibir chamadas de voluntarios que lles dean conversación cada día.

Xa dispoñerá á área de servizos sociais de posibles candidatos, máis pode publicitarse o servizo mediante os medios de comunicación locais. RSS, Radio Culleredo etc...

AVALIACIÓN DE SUSPENSIÓN E/OU CONDONACIÓN DO RECIBO DA AUGA DURANTE A DURACIÓN DO ESTADO DE ALARMA

Moita xente vai ter problemas económicos, por ERTES das empresas nas que traballaban, por ser autónomos que prestaban servizos subcontratados a outras empresas, tendas etc...

Nesta situación, calquera pequena axuda vai ser moita. Dentro das posibilidades de axuda, o recibo de auga municipal de auga podería ser suspendido ou mesmo condonado. Pregamos que se consulte cos técnicos municipais a posibilidade de facelo.

ESTABLECER UN PLAN DE APRENDIZAXE DESTA CRISE

Toda a información que está fluíndo de cidadáns, administracións, corpos de seguridade, emerxencias, servizos sociais etc... non debería perderse para o futuro.

Propoñemos que se estableza unha persoa que centralice o almacenamento e avaliación de toda esa información para mellorar os protocolos presentes e futuros de actuación para situacións semellantes que agardemos non volvan producirse.